

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DOS POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE LUGO. COMPROBACIÓN SUBSANACIONES E APERTURA, SE PROCEDE , DE SOBRE B

Sendo as 13:00 horas do día 17 de setembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento e actuando como vocais don Eduardo Risco polo Servizo de Informática, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral, dona Ana Isabel Sáez Mancebo Letrada da Asesoría Xurídica e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Asisten a esta xuntanza don Juan Ramón Fernández Saavedra de DIMODA FERMONTI e don Pablo Leis Carlés de EDNON

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria a dar conta da presentación de documentación requirida ás empresas DIMODA FERMONTI e SANTIN&BAGARIA no trámite de subsanación de defectos.

En relación coa mercantil DIMODA FERMONTI esta achega a inscrición no Rexistro Mercantil da escritura pública de ampliación de obxecto social, a carta de cesión relación de solvencia técnica para a execución do contrato de "*Mantenemento do equipamento informático dos postos de traballo do Concello de Lugo*" así como a aclaración de en qué consiste ao servizo " Help Desk Nivel 2" aos efectos de entendelo como un proxecto similar ao obxecto deste contrato e ter acreditada a solvencia técnica.

Os membros da Mesa teñen dúbidas sobre a validez da inscrición xa que a certificación do Rexistro Mercantil indica que se procedeu á inscrición na data da nota, isto é o 14 de setembro de 2015, cando a data límite para ter inscrita esta escritura era o 7 de setembro (data límite de presentación de ofertas) aos efectos de ter capacidade para contratar este servizo. O representante da empresa don Juan Ramón Fernández indica que a validez da inscrición é dende o asento que foi o 2 de setembro.

Os membros da Mesa deciden aplazar a apertura do sobre B para aclarar esta cuestión.


En relación coa mercantil SANTIN&BAGARIA esta achega unha serie de certificacións de servizos prestados a diversas empresas pero non indican importes. Achega tamén unha relación de servizos que realizou dende o ano 2005, 2007 ou

2008 ata a actualidade indicando os importes totais para cada contrato dende o inicio ata a actualidade de modo que non se pode acreditar que o importe mínimo esixido sexa no seu conxunto superior a 115.000 euros, IVE incluído, nos derradeiros 3 anos.


Polo exposto os membros da Mesa deciden excluir do procedemento a SANTIN&BAGARIA por non acreditar a solvencia técnica esixida.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo. Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA



Asdo. Ana Yabares Martínez